

## VALORACIÓN DOS TRABALLOS E REQUISITOS PARA QUEN QUEIRA OPTAR POR ESTA VÍA PARA A AVALIACIÓN DA MATERIA “PREVENCIÓN DE LESIÓNS NA PRÁCTICA DEPORTIVA”

O traballo ten tres puntos básicos de partida (tal e como xa se indica na “Guía docente da materia *Prevención de lesións na práctica deportiva*”):

- **Son voluntarios.** Poden facerse individualmente, por parellas ou en grupos de 3, máximo. Non haberá dous traballos de idéntica temática.
- Optar por este tipo de avaliación **conlevará obrigatoriamente a presentación e debate** dos traballos. A presentación pódese facer na propia aula das clases teóricas ou noutro espazo que se considere máis axeitado (por exemplo, no pavillón deportivo). O **prazo máximo de entrega** dos traballos será na semana de clase anterior ao da presentación (para o traballo en formato Word de forma obrigatoria). A presentación farase no horario oficial de clases da materia.
- O **valor** do traballo, para os que o fagan, será dun máximo de 5 puntos da cualificación global (os outros 5 puntos corresponden ao exame). Quen non realice o traballo, a cualificación nesta materia dependerá do exame (que neste caso terá un valor de 10 puntos). Os 5 puntos do traballo distribuiranse do seguinte xeito:

Traballo		Presentación		TOTAL
Contido	1,75 puntos	Resumo para os compañeiros	0,50 puntos	
Estructura	0,25 puntos	Diapositivas (imaxes, esquemas, vídeos, cantidade texto,...)	1 punto	
Bibliografía	0,25 puntos	Claridade da exposición	0,25 puntos	
Presentación	0,25 puntos	Tempo de exposición	0,25 puntos	
		Actuación persoal	0,25 puntos	
		Valoración dos compañeiros	0,25 puntos	
	<b>2,5 puntos</b>		<b>2,5 puntos</b>	

É **imprescindible falar connigo antes** de iniciar o traballo **polos seguintes motivos** (pódese facer esta consulta vía correo-e: [gfuentes@uvigo.es](mailto:gfuentes@uvigo.es)):

- Evitar que haxa 2 traballos sobre o mesmo tema.
- Falaremos sobre as normas básicas para a presentación dos traballos.
- Daranse as explicacións necesarias sobre o cadro exposto anteriormente e que indica cómo se cualificarán os traballos.
- O alumnado comunicará ao profesor as limitacións na súa dispoñibilidade para presentar o traballo, é dicir, se ten problemas para presentar o traballo nun dos dous días de clase (ten que ser unha razón xustificada).

**A todo máis tardar, o 29 de setembro** tense que indicar ao profesor da materia se se vai a facer un traballo, composición do grupo e tema escollido. Lembraros que as miñas titorías son os xoves no despacho nº 10 da Facultade de Fisioterapia e que, para evitar calquera perxuízo por estar fóra nun curso ou nun congreso, **pódese contactar vía enderezo-e ([gfuentes@uvigo.es](mailto:gfuentes@uvigo.es))**. A partir desa data, 29 de setembro de 2011, non se aceptará a posibilidade de optar a ser avaliado tendo en conta esta opción, quedando a cualificación da materia a expensas do resultado do exame final.

**Á semana seguinte**, todo máis tardar o xoves 6 de outubro, o profesor fará públicos os distintos grupos que elaborarán e presentarán un traballo, o título deste e o día da súa presentación provisional. A partir desta data, ábrese un período de tempo para indicar se hai ou non problemas coa data provisional de exposición.

O **20 de outubro** publicarase a **data definitiva para a exposición e defensa** dos traballos en clase. Nesa data, ademais, será necesario que se me indiquen as liñas básicas do traballo e cómo se pensa facer a exposición (unha presentación na aula, unha clase práctica sobre o tema escollido,...).

As **exposicións** dos traballos faranse no mes de **decembro** (empregaranse os días de clase que sexan necesarios, polo que se é preciso, tamén empregaranse datas de novembro). A presentación dos traballos constará de dúas partes diferenciadas. A primeira, expor o mesmo a cargo dos seus autores diante do resto d@s matriculad@s na materia. A segunda, contestar a todas aquelas preguntas que @s compañeir@s e/ou profesores lles fagan aos seus autores.

O **día da presentación do traballo**, entregarase un **resume** do traballo (impreso) tanto ao profesor da materia, como aos compañeiros, de non máis de dúas follas (por unha cara), coas ideas máis relevantes do tema tratado e que vai a ser exposto. O tempo para a exposición do traballo **será dun máximo de 20 minutos** e o adicado a preguntas de 5 a 10 minutos. No caso de que a exposición do traballo sexa eminentemente práctica, o tempo para a exposición pódese ver ampliado. E se non se entregou co traballo en formato Word na semana anterior, na data de exposición haberá que entregar tamén o powerpoint coa presentación feita, xunto con tódolos arquivos empregados durante a mesma (vídeos, imaxes,...).

Aos que fagan os traballos, poderán consultar na páxina web do profesor (<http://webs.uvigo.es/gfuentes>) ou a través da plataforma faiTIC (<http://faiTIC.uvigo.es/>), dunha serie de **consellos** para facer a presentación, así como dunhas **normas** para a súa elaboración.